

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
Documento CMGZI25Q	Expediente	Fecha 04-11-15 13:39

Enviada copia a Contratación

Número 41 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á sentenza do TSX 564/2015 referente ao Grupo Europeo de Servicios DOAL vs. Concello de Santiago/Setex Aparki SA.

Destinatario

Po 171/18 CRM

15078DCMGZI25Q\$



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 30 de outubro de 2015, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 41 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á SENTENZA DO TSX 564/2015 REFERENTE AO GRUPO EUROPEO DE SERVICIOS DOAL VS. CONCELLO DE SANTIAGO/SETEX APARKI SA.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe do director da Asesoría Xurídica, de data 2 de outubro de 2015 e da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 29 de outubro de 2015, así como do informe da xefe do servizo de Contratación e Servizos Comunitarios, de data 28 de outubro de 2015. Así mesmo do informe nº 744/2015, da Interventora xeral, de data 26 de outubro de 2015.

O informe do director da Asesoría Xurídica é do seguinte teor literal:

**"INFORME SOBRE A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA (RECURSO DE APELACIÓN N° 004063/15) RECAIDA SOBRE O ACORDO DA XUNTA DE GOVERNO, RELATIVO A ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN CONXUNTA DOS SERVIZOS DA GRÚA E HORA.-**

É obxecto do presente informe o comentario e proposta de resolución municipal para o cumplimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 24 de setembro de 2015, cuxo Fallo

E1@8

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI25Q		04-11-15 13:39

estima el recurso de apelación formulada pola entidad mercantil "GRUPO EUROPEO DE SERVICIOS DOAL" e, en consecuencia anula o acordo da xunta de Goberno do 16 de xaneiro de 2012, "por la que se otorgó la adjudicación del correspondiente contrato administrativo relativo a la gestión conjunta de los servicios de ordenación, regulación y aparcamiento de vehículos en la vía pública (ORA) y retirada, traslado y depósito de vehículos (GRUA), en Santiago de Compostela (A Coruña), a aquella tercera entidad empresarial adjudicataria, denominada "SETEX APARKI, S.A."...."

A mencionada sentenza é firme pois contra ela non cabe recurso algúin.

#### I.- Planteamento xeral.-

O aspecto nuclear da controversia entrambos licitadores é a cuestión esencial sinalada nos pregos de condicions técnicas e económico-administrativas que rexen o concurso para a adxudicación dos ditos servizos, de que para a correcta execución do contrato a prestataria contará alomenos cunha parcela de 3000 m<sup>2</sup> destinada a depósito de vehículos.

A controversia se inclina a favor do recurrente (DOAL), pois a Sala apoiandoas nas probas periciais pertinentes, chega a conclusión de que a parcela comprometida polo licitador de maior puntuación pola Mesa, despois adxudicatario polo pertinente acordo da Xunta de Goberno como órgano de contratación, non acada o mínimo esixible de 3000 m<sup>2</sup> e xa que logo incumpreu o compromiso da sua oferta, conditio si ne qua non para iniciar a prestación ou execución do contrato.

En relación con este último comentario, cumpre considerar que como manifesta explicitamente a sentenza no seu Fundamento Xurídico 5º a vontade contractual municipal está "...ab radice viciada por falta de "bona fide" contractual de aquella otra entidad empresarial inicial adjudicataria de nominada "SETEX APARKI S. A." que le indujo a aquella Autoridad municipal aquel contrato concesional..." Refirese o Maxistrado ponente o feito de que para iniciar a prestación do servicio, a empresa adxudicataria presentó unha documentación presuntamente acreditativa do cumprimento dos requisitos de superficie e ubicación, que unha vez peritada a finca, resultó ser incierta.

**En definitiva a responsabilidade do erro na adxudicación ou estimación do recurso coa conseguinte anulación da mesma, é alíea o**

<p>Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB</p>		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI25Q		04-11-15 13:39

Concello e corresponde a entidade SETEX APARKI S. A. por vulneración da boa fe contractual.

Non corresponde ao Concello indemnización algunha se non mais ben o contrario como veremos cando comentemos os efectos da nulidade do contrato.

**II.- Posibles actuacions en relación co cumplimento da sentenza e efectos na xestión.-**

1.- Obviamente a Xunta de Goberno deberá cumplir de inmediato o prescrito na sentenza revogando a a adjudicación do contrato.

2.- A sentenza prescribe a nulidade de actos anteriores a súa execución e xa que logo preparatorios do contrato.

A Lei de Contratos do Sector Público no art. 35 do TRLCSP establece:

**Artículo 35. Efectos de la declaración de nulidad.**

1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.

2. La nulidad de los actos que no sean preparatorios sólo afectará a éstos y sus consecuencias.

3. Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquél y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio.

2.-Poren os efectos inmediatos da nulidade deben materializarse en función do dano ao interese público que supusera a inmediata suspensión dos servizos concernidos.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI25Q		04-11-15 13:39

A ollos legos e salvo informes sectoriais mais acaidos, da a impresión de que os servizos prestados teñen unha fonda relación con aqueles esenciais derivados da movilidade, transporte de viaxeiros etc., polo que podería ser conveniente que se seguira materializando se prexuizo de que fora polo tempo mais breve posible ata atopar unha solución.

Así pois no caso de que se causara quebranto do interese público por unha inmediata suspensión do contrato e de conformidade co precepto citado "podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquél y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio".

3.- En definitiva o Concello poderá requerir a actual empresa prestataria para que continúe por un breve periodo, imprescindible para que mentrastanto se adopten as medidas que motivadas, garantan a continuidade da prestación dos servizos se é conforme ó interese público. O Concello acordará sobre a forma de xestión mais oportuna, unha nova contratación cos criterios de oportunidade que o aconsellen, segundo da experiencia acumulada polo tempo transcurrido, xestión directa, supresión de todo ou parte do servizo etc..

4.- Os acordos que se adopten que estean intimamente relacionados co cumprimento da sentenza deben ser comunicados á Sala e notificados as partes concernidas.

Esta é a modesta opinión do funcionario que suscribe que somete gostoso a outra mellor fundada en dereito."

A proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, é do seguinte teor literal:

"A Xunta de Goberno Local na sua xuntanza do 16 de xaneiro de 2012 acordou a adxudicación do contrato administrativo para a "Xestión convxunta, por concesión administrativa, dos servizos de ordenación, regulación e aparcamento de vehículos na vía pública e a retirada, translado e depósito de vehículos en Santiago de Compostela" á empresa Setex Aparki SA, por un periodo de cinco anos prorrogables